

PROGRAMA DE ACOLLIDA

CURSO 21_22

Segundo as Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022 e o [Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 - versión 06/07/21](#) o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida” que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais, procedeu á súa elaboración e preséntao á Comunidade Educativa, na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

Data de presentación ao Consello Escolar:	01 / 09 / 2021
Data de aprobación polo Consello Escolar:	07 / 09 / 2021

Este programa será difundido entre a Comunidade Educativa a través da Páxina web do centro.

A) NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio. Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

<p>ENTRADAS</p> <p>A entrada ó centro será pola porta principal do edificio.</p>	<p>PARA TODO O ALUMNADO TRANSPORTADO E NON TRANSPORTADO:</p> <p>Ás 9:25h abíranse os dous portais de acceso ao recinto escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado de Primaria entrará directamente ás aulas segundo van chegando. Non se permite a entrada de acompañantes ao recinto escolar. - O alumnado de Educación Infantil esperará na súa zona do patio cuberto, co mestre correspondente, ata que soe o timbre ás 9:40h. Permítese a entrada dun acompañante por alumno. <p>Haberá profesorado de garda para supervisar o acceso ao recinto e ás aulas.</p>
<p>SAÍDAS</p> <p>A saída do centro será pola porta principal do edificio</p>	<p>PARA O ALUMNADO NON USUARIO DE COMEDOR:</p> <p>Ed. Infantil sairá ás 14:30h. 1º, 2º e 3º sairá ás 14:35h. 4º, 5º e 6º sairá ás 14:40h.</p> <p>O acompañante de cada alumno poderá acceder ata a entrada principal do edificio cando se abran os portais.</p> <p>PARA O ALUMNADO USUARIO DE COMEDOR:</p> <p>Alumnado non transportado. Recollida nos portais exteriores do recinto escolar.</p> <p>Ed. Infantil e 1º sairá as 15:25h 2º, 3º, 4º, 5º e 6º sairá ás 15:30h.</p> <p>Alumnado transportado. Acompañado polos vixiantes ata o autobús.</p> <p>Liña de autobús de Mariñas sairá ás 15:35h Liña de autobús de Mougás sairá as 15:40h Liña de autobús das Pedornes/Sanxián sairá ás 15:45h</p>
<p>RECREOS</p> <p>Dúas quendas</p>	<p>1º QUENDA: Infantil, 1º e 2º de 11:55h a 12:25h.</p> <p>Saída e entrada pola porta principal. Infantil poderá ampliar o recreo ata o remate da segunda quenda.</p> <p>2º QUENDA: 3º, 4º, 5º e 6º de 12:30h a 13:00h. Saída e entrada pola porta de emerxencia</p> <p>Cada grupo terá asignada unha zona. Haberá profesorado de garda supervisando os recreos.</p>

CAMBIOS DE CLASE	Soará un timbre de aviso 5 min antes de rematar cada clase para favorecer a puntualidade, traslados e evitar o contacto entre grupos.
USO DOS ASEOS	Restrínxese o aforo a dúas persoas. Haberá indicacións de usuarios para cada baño.
CIRCULACIÓN POLO CENTRO	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación e as sinalizacións.
TITORÍAS E DPTO DE ORIENTACIÓN	Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada , aínda que se permitirán as titorías presenciais de forma excepcional coas normas de seguridade reflectidas no plan de actuación. Deixarase constancia da mesma nos pertinentes documentos.
SECRETARÍA E DIRECCIÓN	Só se atenderá presencialmente con cita previa a través dos teléfonos: 886110488 / 682742501 ou do correo electrónico: ceip.meste.manuel.garcia@edu.xunta.es
OUTROS SERVIZOS	O servizo de COMEDOR realizarase no horario habitual. Empregaranse dous espazos: o comedor e o salón de actos. Terán asinado un sitio fixo para todo o curso. O servizo de TRANSPORTE será o mesmo respectando as medidas de hixiene e seguridade. Máscara obrigatoria para todos e asentos fixos. O servizo de MADRUGADORES está pendente de ser organizado polo Concello. No caso de desenvolverse vaise levar a cabo respectando o protocolo ordinario co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos. As ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES están pendentes de ser definidas, no caso porder ser realizadas seguirán os protocolos en vigor.
BIBLIOTECA	Dispoñible en horario lectivo para que cada titor poida ir co seu grupo nun horario fixo.
USO DA MÁSCARA	Será obriga do alumnado traer TRES máscaras ao cole: DÚAS para ó longo da xornada lectiva (<i>para mudar tralo recreo</i>), xunto cun estoxo de tea no que poder gardala (<i>ou unha cinta que a enganche e permita colgala do pescozo</i>) ao retirala nos momentos puntuais que se precise (<i>clases de AL, comedor...</i>), e Unha de recambio dentro dun estoxo (preferiblemente de plástico e co nome) .

REUNIÓN COAS FAMILIAS (INICIO DE CURSO)

No caso de **Educación Infantil** está programada unha reunión presencial previa de inicio de curso para o **luns 6 de setembro** co seguinte cronograma: 10:00h alumnado 4º EI (3 anos), 10:30 5º EI (4 anos) e 11:00 6º EI (5 anos); coa presenza dunha única persoa por alumno/a.

No caso de **Educación Primaria**, logo do comezo de clases, cada titor opcionalmente poderá organizar unha reunión da maneira máis convinte para o seu grupo. De ser de xeito presencial, limitarase a presenza a unha persoa por alumno para poder garantir a distancia interpersonal, e facendo dúas quendas se fose preciso. No caso de ser presencial, preferiblemente en exteriores.

INICIO DAS CLASES

O **9 de setembro** empezarán as clases para todo o alumnado do centro.

As indicacións para as entradas e saídas serán as mesmas.

Haberá un recreo máis longo de dúas quendas:

Infantil, 1º e 2º EP: 11:45 a 12:30h.

3º,4º,5º e 6º EP: 12:30h – 13:15 h

Entradas, recreos, comedor e saídas coas indicacións xerais de funcionamento.

Neste primeiro día, o alumnado estará maiormente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

A titora de 4º de EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos) contactará coas familias do seu alumnado para informalos dos aspectos relativos a este grupo e o **período de adaptación** que se extenderá ata finais do mes de setembro.

B) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

PREVENCIÓN:

- Compromiso realización **autoenquisa clínica diaria** tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

- Distancia social: manterase a maior distancia posible entre o alumnados e evitarase o contacto físico.



- Evitar aglomeracións: entradas e saídas escalonadas, dobre quenda de recreo con espazos asinados a cada grupo, acceso regulado dos aseos, rutas de circulación...

HIXIENE:

➤ **Hixiene xeral do centro:**

- Persoa para a limpeza 4 horas durante o horario lectivo.
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces ao día con rexistro.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta das aulas con rexistro.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

➤ **Hixiene persoal:**

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

➤ **Rutinas de responsabilidade individual:**

- Desinfección de espazos e elementos comúns antes e despois do uso: antes e despois de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato.
- Limpeza de elementos propios de traballo: mesa, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan.
-

➤ **Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:**

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solucións desinfectantes: nas aulas, nos baños e espazos comúns.
- Papeleiras de pedal con tapa: nas aulas, baños e espazos comúns.

PROTECCIÓN:

➤ **Uso de máscara:**

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de infantil en traslados internos e transporte.

Será obriga do alumnado traer TRES máscaras ao cole:

DÚAS para o longo da xornada lectiva (para mudar tralo recreo), xunto cun estoxo de tea no que poder gardala (unha cinta que a enganche e permita colgala do pescozo) ao retirala nos



momentos puntuais que se precise (clases de AL, comedor...), e UNHA de recambio dentro dun estoxo (preferiblemente de plástico e co nome).

➤ **Pantallas:**

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).

➤ **Mamparas:**

- Para realizar trámites coas familias: instalarse unha mesa con mampara na entrada do cole para facer xestións administrativas.
- Na aula de AL, nas que se empregará para a realización de tarefas que o requiran.
- No despacho de Orientación para atender ás familias en casos excepcionais con cita previa.

C) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

ACCIÓNS PARA OS GRUPOS DE EI E DE 1º ATA O 4º :

- Ao inicio de curso dedicarase varias sesións co alumnado para a familiarización da **AULA VIRTUAL**, tanto no acceso como no funcionamento.
- Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Adicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas. No caso do alumnado de EI solicitarase a colaboración das familias que recibirán o usuario e contrasinal, así como un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.
- Proponse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial (sendo obrigatorio en 3º e 4º de EP) con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia (como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos...).

Ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo dos antigos equipos Abalar e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

ACCIÓNS PARA OS GRUPOS EDIXGAL (5º E 6º)

- En 6º, asignarlle o antes posible as credenciais novas. Como xa coñecen a plataforma, farase un pequeno repaso dos recursos dispoñibles e continuar coa ensinanza.
- En 5º, asignar as credenciais tamén o antes posible e empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma e cos recursos propios dos Pcs.



FAMILIAS:

- Deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro:
 - Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
 - **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.mestre.manuel.garcia@edu.xunta.gal
 - **Teléfono**: comunicación directa e inmediata, o 881110 488 e o 682 742 501
 - Envío de mensaxes e tarefas por vía interna da **Aula Virtual e de EVA-Edixgal**.

D) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas. Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas. A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus; o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata

dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Misión importante do profesorado é detectar e revisar as necesidades do alumnado durante o confinamento. Sería necesario crear ou ampliar un diario de abordo recabando información sobre o pasado; como foi o confinamento, posibilidades de medios técnicos, facilidade ou dificultade en tecnoloxía, situación familiar a nivel saúde, laboral e emocional, sentimento de acompañamento, aprendizaxe online...

Pódese levar a cabo un plan de acción para a chegada ás aulas xerando saúdos seguros, transmitindo calma, seguridade, crear aulas seguras a nivel sanitario, emocional, físico e social, aulas emocionantes con mensaxes, pausas activas, promovendo a competencia emocional...

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.